



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DE POLÍTICA SOCIAL DE OURENSE POLA QUE SE ADXUDICAN ESTADIAS E SERVIZOS NA RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DO CARBALLIÑO PARA O ANO 2019.

## FEITOS

1. O 24-05-2019 publicouse no Diario Oficial de Galicia número 98, a Orde do 14-05-2019, pola que se convoca o procedemento de adxudicación de estadias e servizos nas residencias de tempo libre adscritas á Consellería de Política Social para o ano 2019. (código de procedemento BS419A).
2. O 11-06-2019 realizouse, nas dependencias da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social, o sorteo público da data a partir da cal se ordenarán as solicitudes de participación e determinará a orde de adxudicación de estadias ao abeiro do artigo 12 da Orde do 14-05-2019.  
A data resultante do sorteo foi o 29-05-2019.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. É competente para resolver a adxudicación das estadias na Residencia de Tempo Libre do Carballiño a xefa territorial da Consellería de Política Social en Ourense, en virtude da delegación de competencias prevista na disposición adicional única da Orde do 14-05-2019.
2. É aplicable a esta resolución a seguinte normativa
  - . A orde de convocatoria de 14-05-2019
  - . A Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas (BOE do 02-10-2015)

De acordo co exposto, RESOLVO

Adxudicar as estadias na residencia de tempo libre do Carballiño (Ourense) ás persoas interesadas que se relacionan no ANEXO I a esta resolución.

Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na lei 29/1998, do 13 de xullo, de normas reguladoras da xurisdición contencioso-administrativa ou ben, potestativamente, un recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao que reciba a notificación da resolución, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

En Ourense, na data da sinatura electrónica

A xefa territorial da Consellería de Política Social de Ourense

